

## CONTRATO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

A Coruña, -----

### COMPARECEN

Dunha parte, O Excmo. Sr. D. José María Barja Pérez, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f) dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG de 26 de maio).

Doutra parte ....., (en adiante, a EMPRESA) con C.I.F. N°....., e sede en....., inscrita no Rexistro Mercantil de ..... co N° ....., e no seu nome e representación D....., que actúa en calidade de socios xerentes.

Ambos os representantes, recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica suficiente, subscriben, en nome das entidades que representan, o presente contrato e

### EXPOÑEN

**PRIMEIRO.-** Que a UDC como institución de servizo público, está aberta á sociedade e ten, entre outros, como fins prioritarios, fomentar a investigación e difundir a cultura no seo da sociedade. Para o mellor cumprimento dos seus fins, a UDC manterá relacións con centros de investigacións e con institucións culturais e sociais, e impulsará a celebración de contratos de investigación con entidades e organismos públicos e privados, así como de contratos para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico.

**SEGUNDO.-** Que a UDC posúe experiencia probada en traballos de investigación relacionados con.....

**TERCEIRO.-** (Manifestar o interese da empresa no proxecto).

### CLÁUSULAS

#### PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO

Este contrato ten como obxectivo o desenvolvemento do proxecto de investigación ..... en colaboración coa EMPRESA.

#### SEGUNDA.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO

O contido deste contrato deberá axustarse ao disposto no Regulamento para a contratación de traballos científicos, técnicos ou artísticos aprobado polo Consello Social da Universidade da Coruña o 8 de novembro de 2005.

### **TERCEIRA.- EQUIPO DE TRABAJO**

O equipo investigador estará composto por...(indicar nome, categoría profesional, dedicación e departamento de cada membro do equipo de traballo), que aceptan expresamente o traballo

Os traballos realizaranse nos laboratorios da (indicar facultade, escola, departamento, instituto universitario...)

### **CUARTA.- CONDICIÓN DE ACEPTACIÓN DO TRABAJO**

A UDC acepta realizar o proxecto de investigación solicitado, de acordo coas condicións estipuladas no presente contrato.

### **QUINTA.- ACTIVIDADES QUE DESENVOLVERÁ A EMPRESA**

A empresa comprométese a:

- .
- .
- .

### **SEXTA.- ACTIVIDADES QUE DESENVOLVERÁ A UDC**

### **SÉTIMA.- DURACIÓN**

O prazo durante o que se desenvolverá o proxecto de investigación será de ....., contado a partir da data de sinatura do presente contrato.

### **OITAVA.- RESPONSABLES DO TRABAJO E DO SEGUIMIENTO**

A persoa responsable do desenvolvemento do traballo por parte da UDC, será ....., do departamento de....., que terá como interlocutor válido por parte da EMPRESA a .....

### **NOVENA.- CONFIDENCIALIDADE DA INFORMACIÓN**

O persoal da UDC que participar no traballo, observará confidencialidade sobre toda aquela información da EMPRESA que tiver que utilizar no desenvolvemento da actividade obxecto deste contrato, salvo que a EMPRESA decidir o contrario.

Do mesmo xeito, os informes emitidos pola UDC relativos a este asesoramento terán carácter confidencial, polo que non poderán ser coñecidos por ningunha outra empresa ou persoa sen autorización previa.

### **DÉCIMA.- IMPORTE E CONDICIÓNS DE PAGAMENTO**

Como achega para o desenvolvemento do proxecto de investigación, a EMPRESA comprométese a aboar a cantidade de ..... euros., (indicar momento e forma de pagamento).

Os gastos xerados polo traballo desenvolvido especificanse da seguinte maneira:

.....  
.....

Estas cantidades incrementaranse co IVE correspondente (18%), e faranse efectivas á Universidade da Coruña con CIF Q6550005J, e domicilio en Rúa da Maestranza, s/n, 15001 A Coruña, na c/c nº 0049-0007-23-2612071316 "Conta Xeral UDC" do BSCH, A Coruña, ou cheque nominativo; contra factura dirixida a D.....a nome da EMPRESA.

### **UNDÉCIMA.- PRÓRROGA, MODIFICACIÓN E RESCISIÓN DO CONTRATO**

As partes poderán denunciar ou modificar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo.

Se por causas imputables á UDC non se levase ata o fin o traballo encomendado, o contrato quedaría automaticamente rescindido e a EMPRESA só tería que pagar o importe do traballo que se realizase efectivamente .

Así mesmo, se a EMPRESA pretender unilateralmente dar por finalizado o traballo antes do seu remate, deberá pagar á UDC o importe total do traballo realmente executado ata o momento.

### **DUODÉCIMA.- XURISDICIÓN**

A EMPRESA e a UDC comprométese a resolver de xeito amigable calquera desacordo que puiden xurdir no desenvolvemento do presente acordo.

En caso de conflito, as dúas partes acordan o sometemento aos tribunais da Coruña.

E en proba de conformidade de canto anteceder, asinan por duplicado o presente documento no lugar e data arriba indicados.

Pola Universidade da Coruña

Pola Empresa

D. José María Barja Pérez  
Reitor

### ORZAMENTOS DE INGRESOS E GASTOS

#### INGRESOS:

-ENTIDADE CONTRATANTE (IVE incluído):.....	€	
-ENTIDADE COLABORADORA: .....	€	
-OUTRAS AXUDAS: .....	€	
TOTAL INGRESOS .....		€

#### GASTOS:

-PERSOAL:		
1) DA UDC (RELACIÓN QUE SE ACHEGA): .		
15 % RETENCIÓN DA UDC.....	€	
85% QUE PERCIBIRÁ O PROFESOR	€	
TOTAL:.....		€
1),CONTRATOS LABORAIS (RELACIÓN QUE SE ACHEGA).....		
-BOLSAS (CONVOCATORIA PÚBLICA).....		€
TOTAL GASTOS PERSOAL.....		€

#### GASTOS CORRENTES:

-MATERIAL FUNXIBLE: .....	€	
-AXUDAS DE CUSTO: .....		€
2)-OUTROS GASTOS: .....	€	
TOTAL GASTOS CORRENTES.....		€

#### GASTOS INVESTIMENTO:

-MATERIAL EQUIPAMENTO DOCENTE-INVESTIGADOR: .....	€	
-MATERIAL EQUIPAMENTO INFORMÁTICO:.....	€	
-FONDOS BIBLIOGRÁFICOS DEPARTAMENTO: .....	€	
-OUTRO MATERIAL INVENTARIABLE: .....	€	
TOTAL GASTOS INVESTIMENTO: .....		€

TOTAL IVE ( 16 %) ..... €

TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS..... €

A CORUÑA, DE  
O DIRECTOR DO TRABALLO,

Asdo.: \_\_\_\_\_

<sup>1</sup> INDÍQUESE O NOME, OS APELIDOS E O IMPORTE

<sup>2</sup> NATUREZA DESTES

<sup>3</sup> CALCÚLESE SOBRE AS RETRIBUCIÓNS DO PROFESORADO DA UDC



### EQUIPO DE TRABAJO

NOME	CATEGORÍA	HORAS CON DEDICACIÓN/ IMPORTE/€	SINATURA

\* Os membros arriba indicados aceptan expresamente a realización do traballo  
e declaran coñecer e aceptar as cláusulas contidas no contrato de investigación asinado entre  
\_\_\_\_\_ e a Universidade da Coruña, que recolle as condicións para a  
realización do mencionado traballo.